

CRITERIOS XERAIS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

Recollidos no Artigo 13ª da *ORDE do 21 de outubro de 2022*

Irmáns/irmás no propio centro	Primeiro irmán/irmá	8 puntos
	Segundo e seguintes	2 puntos cada un
	Máximo	14 puntos
Proximidade do domicilio familiar NON ACUMULABLE a lugar de traballo	Se o domicilio familiar está na área de influencia	8 puntos
	Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes	4 puntos
	Se o domicilio familiar está noutras áreas	0 puntos
Lugar de traballo da nai/pai/titor/a NON ACUMULABLE a domicilio familiar	Se o lugar de traballo está na área de influencia	6 puntos
	Se o lugar de traballo está en áreas limítrofes	3 puntos
	Se o lugar de traballo está noutras áreas	0 puntos
Renda per cápita da unidade familiar	Inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
	Igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	1 punto
	Igual ou superior ao IPREM	0 puntos
Traballador/a do propio centro	Nai, pai ou tirores legais que traballen no centro	3 puntos
Pertenza a familia numerosa	Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
	Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Alumnado nado por parto múltiple	Dous irmáns/irmás	8 puntos
	Máis de dous irmáns/irmás	10 puntos
Familia monoparental	Por condición de familia monoparental	2 puntos
Por concorrencia de discapacidade Superior ao 33 %	Alumno/a	4 puntos
	Nai, pai, titor/a legal	3 puntos
	Irmán/irmá	1 punto
	Máximo	4 puntos
Vítima de violencia de xénero	Calquera dos membros da unidade familiar	2 puntos
Vítima de terrorismo	Calquera dos membros da unidade familiar	2 puntos
Expediente académico SÓ EN BACHARELATO	Nota media SOBRESALIENTE	2 puntos
	Nota media NOTABLE	1 punto
	Nota media BEN	0,5 puntos

INDICADOR PÚBLICO DA RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM)

Para a valoración da renda anual per cápita da unidade familiar, terase en conta a suma das casiñas **435+460**, relativas ao IRPF do exercicio 2022. Esta cantidade dividirase entre o número de membros da unidade familiar referido exercicio 2022. O indicador público da renda de efectos múltiples correspondentes ao ano 2021, está cifrado en: 6.948,24 € y 8.106,28 € para os modelos de 12 y 14 pagas respectivamente.

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de empate na puntuación total, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo seguindo a **orde de prelación** seguinte:

1. Irmán ou irmá matriculados no centro.
2. Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo da persoa proxenitora, titora ou acollidora.
3. Renda per cápita da unidade familiar.
4. Persoa proxenitora, titora ou acollidora traballadora do centro docente.
5. Familia numerosa.
6. Alumnado nado de parto múltiple.
7. Familia monoparental.
8. Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar.
9. Condición de vítima de violencia de xénero.
10. Condición de vítima de terrorismo.
11. Criterio complementario, de ser o caso.
12. Expediente académico para as ensinanzas de bacharelato.

Se persistise o empate, resolverase tendo en conta o resultado dun sorteo público anual que realizará a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo.

Neste sorteo extraeranse aleatoriamente dúas bolas dun conxunto de dez, numeradas do 0 ao 9. Antes de proceder a cada extracción, volverase a introducir a bola extraída con anterioridade. O número obtido ao colocar de esquerda a dereita e pola mesma orde de extracción as bolas divídese entre cen; se o número obtido fose "00" hai que considerar que a extracción se corresponde co número 100 para facer a división. Este número multiplícase polo número de solicitudes empatadas en cada centro e curso e o resultado desta multiplicación redondéase á alza.

O dito número enteiro determina a posición ordinal da solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación no sistema.